



GANDERÍA XUÍZ SC. BÓVEDA (LUGO)



En Vaca.tv

Pablo leva tres anos á fronte da Gandería Xuíz

Un futuro ilusionante a carón das vacas

Historias como a de Pablo non son as máis habituais nun sector caracterizado polo peche continuo de explotacións por falta de traspaso xeracional, pero xustamente por iso deben ser contadas, porque son exemplo de que o vacún leiteiro segue a representar unha alternativa laboral prometedora para moitos mozos.

Localización: A Portaxe, Remesar (Bóveda)
Propietarios: Pablo Rodríguez Fernández e Vicente Rodríguez Vila
N.º total de animais: 90
Vacas en mudura: 47
Media de produción: 37,6 l vaca/día (151 DEL)
Porcentaxe de graxa: 4,20 %
Porcentaxe de proteína: 3,38 %
RCS: 109.000 cél./ml
IPP: 395 días
Taxa de detección de celos: 67 %
Taxa de fertilidade: 49,32 %
Taxa de preñez: 33,04 %
ICO: 2.736
Cualificación morfolóxica: 81 puntos
Superficie agrícola: 35 ha
Venda do leite: Leche Río
Prezo do leite: 0,32 €/kg + calidades + IVE

Pablo Rodríguez naceu en Quiroga hai 21 anos e alí viviu ata os 18. Con esa idade trasladouse á aldea dos seus avós, A Portaxe, para poñerse á fronte da Gandería Xuíz, unha sociedade civil da que tamén forma parte o seu pai.

Pese a non vivir no campo, os animais foron a súa paixón desde ben cativo. Porén, a súa aterraxe no sector foi, máis ben, de improviso. Os avós, xa maiores, tiñan unha pequena explotación mixta de carne e leite que estaba a nome dunha tía súa que, dun día para outro, se tivo que xubilar. Ante a posibilidade inminente de ter que botar o peche, Pablo decide tomar as rendas do negocio coa idea de modernizalo e facer del un proxecto de futuro.

“Pedimos un plan de mellora, concedéronnoloo e para aquí me vin. Fun comprando vacas de leite e eliminando as rubias e, pouquiño a pouco, fomos ampliando ata chegar a producir tres veces máis do que se producía daquela. Foi un cambio a mellor, porque en Quiroga pasaba moitas horas dentro do piso e a min sempre me gustou andar ao aire libre, así que aquí estou na miña salsa”, relata.

NOVAS INSTALACIÓNS

Tras unha primeira etapa no establo vello, o 16 de xullo de 2018 estrea-ban unha nave nova con capacidade para 60 vacas en produción. Na actualidade están muxindo 47, mais o seu obxectivo é enchela tan pronto como lles sexa posible.

Ao mes seguinte de trasladar o rabaño ao seu novo fogar mercaron unha decena de vacas de primeiro parto en lactación. A partir de aí, o aumento foi paseniño. “Importamos moitos animais de Francia, pero tamén compramos en ganderías referentes aquí en Galicia”, conta. No mes de decembro chegaranlles outras tres femias procedentes do país galo; despois, a súa intención é ir aumentando con base na recría propia.

Á hora de bosquejar o establo, Pablo quería unha construción cómoda e funcional, ben ventilada e con moita iluminación, na que primase o benestar. “Moitos metros cadrados por vaca, moitos centímetros lineais de bebedeiro, camas de area, uns bos cubículos... foi no que máis me fixe”, detalla.

Estamos a falar dunha nave de estrutura metálica galvanizada, sen apenas peches laterais e teito de panel sándwich con apertura cenital para facilitar a expulsión dos gases. Os cubículos distribúense en dúas fileiras, unha de disposición dobre cabeza con cabeza e outra independente. En canto ao manexo, alisan e limpan as camas á mañá e á noite e échenas cada 15 días.

Para facilitar a liberdade de movemento dos animais, contan con tres espazos corredores de 5, 4,80 e 4 metros de ancho. A mesma filosofía seguen coa superficie de comedoiro e bebedoiros. No caso destes últimos, optaron por metelos máis pequenos, pero en maior cantidade e ben distribuídos pola nave para evitar que as vacas se teñan que desprazar para beber.



A nave, de 1.260 m², está deseñada para poder aumentar sen dificultades

O establo quedou pensado para podelo ampliar case tanto como se queira e cun custo de obra moito máis reducido có actual. No deseño tívose en conta, ademais, a posible instalación dun robot no sitio da sala, unha tecnoloxía que este mozo gandeiro non desbota nun futuro. Polo de agora moxen nunha sala de espiña de peixe de oito puntos con retirada automática e medidores electrónicos.

DATOS PRODUCTIVOS E VENDA DO LEITE

A media de produción do mes de outubro foi de 37,6 litros vaca/día, cunhas porcentaxes de graxa e proteína do 4,20 % e do 3,38 %, respectivamente. O reconto celular medio do último ano foi de 109.000 cél./ml.

O leite vénndeno ao Grupo Leche Río desde o mes de marzo. Asinaron un contrato anual a un prezo de 0,32 €/kg + calidades + IVE.

SECAS E RECRÍA

Cando visitamos a granxa, a finais de novembro, o lote de secas estaba na nave nova, porén esta situación é transitoria, xa que en decembro tiñan previsto iniciar unha reforma do establo vello e trasladar para alí estas femias nunhas condicións idóneas de benestar. Cando se produza este cambio, tamén teñen en mente implantar o secado selectivo.

A recría téñena externalizada en Recría Castro, a onde envían as xatas con 15 días. Con todo, o coidado durante o parto e o inicio da vida dos animais é outra das marcas da casa. “Para min as primeiras horas son moi importantes, así que intento que a parideira e que todo en xeral sexa moi hixiénico. Préstolle especial atención ao encalostrado, procuro ter un calostro de calidade e achegarlles 3-4 litros nas primeiras 6 horas de vida. As crías permanecen coa nai ata pasadas 24 horas, despois a vaca pasa para o lote de posparto e o animal vai para a nave vella, onde temos compartimentos individuais con cama quente”, explica. As crías reciben o calostro da propia nai, a menos que non teña a calidade suficiente, en cuxo caso optan por mercalo. O leite tamén é materno. »











NOVEDAD
CAZO UNIFIED









Tel. (+34) 985 634 238
 Comercial: info@fondrigomaquinaria.com
 Recambios-Asistencia: servicio@fondrigomaquinaria.com
www.fondrigomaquinaria.com

FIMA
2020
ZARAGOZA
ESPAÑA
SPAIN
25-29
FEBRERO
FEBRUARY



HALL PABELLÓN 4
STAND
A/23-29
TAMBIEN EN EXTERIOR!!
PLAZA NORTE - PI 25



Optaron por colocar bebedoiros máis pequenos, pero en maior cantidade, para facilitar o acceso dos animais



Amplitude, iluminación, ventilación e benestar son as características máis visibles do interior da nave

ALIMENTACIÓN

Apostan por un sistema de alimentación intensiva con racións *unifeed*. Para as vacas en lactación elaboran unha mestura composta por 30 kg de silo de millo, 18 kg de silo de herba, 12 kg de penso e medio de palla. Para as secas optan por unha ración seca que consta de 5 kg de penso e 6 kg de herba, unha alternativa coa que Pablo coida que asumen menos riscos de aparición de enfermidades no periparto.

O servizo de carro préstallelo a Cooperativa Lemos, da que son socios. A ración de leite fana a diario e a de secas, cada tres días.

SUPERFICIE AGRÍCOLA

Ás 20 hectáreas que tiñan os avós en propiedade súmanse outras 15 que alugaron hai un ano para dedicalas en exclusiva ao cultivo de millo forraxeiro. Pese a estar situadas a uns dez quilómetros da explotación, merécelles a pena botar man delas, porque están concentradas nunha zona moi fértil e algunhas fincas teñen regadío. Así, a produción media deste ano aproximouse ás corenta toneladas por hectárea. “Só levo dous anos sementando millo, colleume un pouco por sorpresa o tema do regadío e fixen un par de cousas mal que teño que mellorar, pero seguramente podo chegar aos 50.000 kg”, sostén. Así mesmo, apunta que ata este ano esas fincas só se fertilizaron con mineral, mais agora colleron o xurro dunha granxa de porcos que está alí ao lado, co que tamén esperan potenciar os rendementos. Cómpre salientar que outro dos servizos que lles presta a Cooperativa Lemos é o de asesoramento agrícola, en especial no referente á fertilización das terras.

As fincas propias están na contorna da gandería e os seus tamaños mó-

▶ “A MIN SEMPRE ME GUSTOU ANDAR AO AIRE LIBRE, ASÍ QUE AQUÍ ESTOU NA MIÑA SALSA”

vense entre as 3 e as 5 hectáreas. En 11 alternan o cultivo de herba no inverno e o de millo no verán; no resto sementan unicamente herba.

A Xunta de Galicia está promovendo un proxecto de mobilización de terras na zona de Bóveda do que este emprendedor pode ser beneficiario. “Son 160 hectáreas que están a arboredo, a idea que teñen é limpar todo iso, poñelas a producir e facerlles alugueiros a longo prazo aos gandeiros, e eu estou interesado nunha parte dese terreo, porque prefiro que me sobre forraxe e vendela que estar pillado. De todas as formas, se a cousa vai ben e se amplía o número de animais, xa precisaría máis base territorial, entón agora que nos dan a oportunidade, pois colla”, razoa.

Para a almacenaxe das forraxes contan cun silo de formigón, pero Pablo xa prevé a construción dun ou dous máis para o ano que vén. “A ver como fago, son moitas cousas xuntas. Empezar así, case de cero, non é fácil”, reflexiona.

MAQUINARIA, A XUSTA E NECESARIA

Polo de agora non investiron moito en maquinaria, de feito, só compraron un tractor de segunda man de 160 cabalos –os avós tiñan dous máis pequenos de 100 e de 80 CV–, unha grade rápida e unha fertilizadora. Optan por externalizar gran parte dos labores agrícolas, aínda que eles se ocupen dalgúns puntuais, como a preparación das terras para a sementeira do millo.

Para o manexo dentro da granxa teñen mercada unha encamadora que lles entregarán a principios de ano. Polo de pronto encaman coa

pa, mais con este sistema a area cae toda nun montón e teñen que estendela á man, o que lles resulta moi traballoso.

REPRODUCCIÓN E XENÉTICA

No seu curto percorrido, esta explotación xa logrou alcanzar uns índices reprodutivos nada desprezables, cunha media de inseminacións por preñez de 1,8 en vacas e de 1,6 en xovencas (ver o resto dos datos na ficha técnica). “Hai que destacar que o rabaño deste estable é moi novo, entón iso axúdalle en parte á fertilidade dos animais”, afirma Pablo.

Ás xovencas practícanlles a primeira inseminación no centro de recría entre os 13 e os 14 meses, en función do peso e da estatura. No caso das vacas, ás múltiparas inseminávanse entre os 60 e os 90 días posparto; coas primíparas, en cambio, esperan sempre ata os 3 meses, xa que alcanzan o pico de lactación máis tarde.

A detección de celos é visual. “Polo de agora é un rabaño pequeno e contrólase bastante ben”, asegura, pero ten claro que no momento en que aumente lle vai ser preciso apoiarse nalgún sistema electrónico de detección.

Fan control de reprodución cada dúas semanas e sexan todas as crías mediante ecógrafo. Así poden predicir a reposición que van ter nos vindeiros meses e tomar decisións sobre a utilización de seme sexado etc.

Na última poxa de Curtis mercaron unha xovenca de alto valor xenético a medias coa gandería Tío Andrés de Sarria, á que lle están extraendo embrións e implantándoos nalgúnhas das súas xovencas. ▶▶



O muxido fano dúas veces ao día nesta sala de espiña de peixe de 8 puntos



Lote provisional de secas no establo de produción



A súa premisa é conformar un rabaño produtivo e funcional

“De momento é o único caso, estamos empezando neste tema”, relata ilusionado.

En canto á xenética, reconece que empezou “moi a cegas, sen saber practicamente nada”; non obstante, ese descoñecemento non foi atranco para desenvolver o seu proxecto. Comenta que leu moito ao respecto e que se deixou asesorar por persoas que controlaban, coma o seu primo Fernando, da granxa Tío Andrés, que sempre lle deu “moi bos consellos”, así coma polos técnicos de Seragro, que o guiaron non só neste ámbito, senón tamén en cuestións de benestar. Así, aos poucos e sobre a marcha, foi como Pablo se foi poñendo ao día.

Á hora de seleccionar, decántase por xenética Holstein americana, a



A capacidade da fosa, de 1.200.000 l, permítelles acumular o xurro ata seis meses

fin de conseguir un “rabaño produtivo e funcional”. “Busco un pouco de todo, tipo, graxa, proteína e altas producións, pero nos trazos que máis me fixo son patas e calidades, xa que desde o meu punto de vista o tema do leite se vai enfocar bastante

► “ESTE É O TRABALLO QUE ME GUSTA E É O QUE ME GUSTARÍA QUE FOSE O MEU FUTURO”

cara á produción de sólidos”, di.

Empregan touros xenómicos e usan seme sexado nas xovencas e nas vacas de primeiro parto. “Despois xa non, porque na maior parte dos casos baixa a fertilidade e tam pouco nos interesa”, expón.

O FUTURO

A incorporación dun empregado forma parte dos plans do quirogués a curto prazo. “Cando o establo estea cheo, a idea é coller alguén, porque eu só non vou dar tido todo perfecto como me gustaría, e tamén para ter un pouco de calidade de vida, porque, se non, ao fin e ao cabo, teño que estar aquí todos os días e acaba queimando un pouco. Meu pai traballa fóra, aínda que nas fins de semana me axuda moito, e pola semana bótame unha man miña nai polas tardes. Nas fins de semana axúdanme os dous, é o que me dá un pouco de liberdade, que, se quero librar algún día, podo, pero claro, limitando o descanso dos meus pais”, manifesta.

A pesar disto, Pablo insiste en que está “moi contento” coa súa nova vida; por iso, non dubida en recomendarlles emprender neste sector a outros mozos que teñan a oportunidade e que lles gusten os animais.

A medio prazo, a súa idea é ampliar o establo e seguir medrando. Outro dos seus propósitos é facer un ciclo superior de administración e finanzas, un plan que no seu día pospuxo para evitar o peche da explotación, mais do que non se arrepinte.

“No rural vívese dignamente e cada vez máis. A min as vacas danme moita satisfacción e danme, sobre todo, un proxecto de futuro, unha vida. Eu creo que todas as persoas temos que ter unha traballo e poder soste unha familia, darlles de comer a uns fillos, e este a min é o traballo que me gusta e é o que me gustaría que fose o meu futuro”, conclúe. ■